

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense


nº 64

ano 10

maio-xuño 2016

Letras Galegas 2016

DOCUMENTOS DE MANUEL MARÍA NO AHPOu



O 28 de abril de 1956, no coñecido café Bar Monterrey de Lugo, sito na rúa Doutor Castro e hoxe xa desaparecido, **Manuel María Fernández Teixeira**, o poeta, redactou unhas verbas adicadas a **Vicente Risco** e cheas de admiración, en resposta á recensión que aquel publicara sobre o seu novo libro, **Advento** (1954, Bos Aires, ed. Galicia do Centro Galego; premio Castelao de poesía, 1951), no xornal **La Región** do 26/04/1956:

Meu querido i admirado Don Vicente: de moi bó corazón lle agradezo a nota que en "La Región" de antonte lle adica a "Advento"...

A misiva está escrita nun ton de fondo respecto e admiración cara a un personaxe clave na historia cultural galega, tanto literaria como politicamente, pero tamén cara a outros dous grandes galeguistas como foron Castelao e Otero Pedrayo:

Eu ademiro moito a súa obra literaria. A vostede olleino pasar una (sic) vegada por unha rua (sic), en Ourense. Coido que vostede con Castelao e Otero, tres persoas como as da Trindade ... son as tres persoalidades mais fondas que Galicia deu sempre.

Manuel María exprésalle a **Vicente Risco** o desexo

de coñecelo en persoa, mais non resulta sinxelo, xa que o "oficio" de poeta (ao cal naquel momento se adica a tempo completo) leva consigo unha serie de dificultades económicas:

Teño gran arela de ir a Ourense ... mais, como son tan probiño, se non me levan a dar un recital non me é posible.


Por último, ofrécelle a súa amizade e a posibilidade de prologar un seu libro de poesía en castelán **Sermón para decir en cualquier tiempo** (1960, Bilbao), colaboración que finalmente non tería lugar:

Celebraría moito ser seu amigo de verdade. E inda mais: celebraría que fose vostede o que escribise as verbas limiares do meu libro de poemas en castelán, que ando a rematar, e que se chama "Sermón para decir en cualquier tiempo".

1956, abril, 28. Lugo
Carta de Manuel María a Vicente Risco agradecéndolle a recensión publicada no xornal "La Región" sobre "Advento".
Original, manuscrito, galego; 15,7 x 21,5 cm.
AHPOu, Fondo Martínez-Risco, C. 9745/178

Vida e obra de Manuel María

Nace **Manuel María Fernández Teixeiro** no outono de 1929, o 6 de outubro, en Outeiro de Rei (Lugo). Na súa nenez vai á escola daquela poboación, e prepara logo en Rábade o ingreso no instituto cun mestre co que se adica a ler e comentar textos poéticos galegos, feito bastante inusual na época. En 1942 trasládase a Lugo para estudar bacharelato. Alí comeza a súa carreira literaria en 1949, dando a súa primeira conferencia no Círculo das Artes e intégrase na tertulia literaria do **café Méndez Núñez**, frecuentado por Luis Pimentel, Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro entre outros. Neste contexto publica o seu primeiro libro, **Muiñeiro de Brétemas** (1950), que inaugura una nova corrente poética, a **Escola da Tebra**.



Sinatura de Manuel María no texto orixinal do "Auto da Costureira" AHPOu, Fondo Luis Soto, C. 14638/136

Matricúlase por libre en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, que abandona, aínda que volve á cidade compostelá para facer o servizo militar, onde coincide con outro poeta co que manterá amizade toda a vida: **Uxío Novoneyra**. Nesta época inicia os contactos cos intelectuais galeguistas, especialmente con Otero Pedrayo e Carlos Maside. Rematado o servizo militar, volve a Lugo, onde comeza a estudar para procurador, publica o seu segundo poemario e gaña o premio de poesía Castelao organizado polo Centro Galego de Bos Aires en 1951 coa súa obra **Advento**, publicada posteriormente en 1954. Sobre ela escribe **Vicente Risco** a recensión á cal se fai referencia na carta.

En 1958 trasládase a Monforte de Lemos para traballar como procurador de tribunais, e ao ano seguinte, casa con Saleta Goi. Alí vivirá a meirande parte da súa vida, continuando a escribir poesía, ensaio, teatro e narrativa para adultos e nenos. En 1998, ao xubilarse, trasládanse á Coruña, cidade na que morre o 8 de setembro de 2004.

O compromiso político

Durante a súa estadía en Santiago de Compostela para facer o servizo militar a comezos dos anos cincuenta, Manuel María entra en contacto, a través de **Ramón Piñeiro**, cos galeguistas composteláns e os membros da **Xeración Nós**. Entre 1956 e 1963 tanto el como a súa dona, Saleta, manteñen unha gran relación cos intelectuais ourensáns e participan activamente nos in-

tentos de reorganización política do nacionalismo galego. Mantén un compromiso activo coa política galeguista durante toda a súa vida, afiliándose primeiro á **UPG** (Unión do Povo Galego) e máis tarde, en 1979, sendo elixido concelleiro polo **BNG** (Bloque Nacionalista Galego) en Monforte de Lemos.

O compromiso coa lingua

O compromiso de Manuel María coa lingua galega non só se reflectiu na súa obra, senón en tódalas accións culturais nas que participou durante toda a súa vida: formou parte do **Frente Cultural da AN-PG** (Asemblea Nacional-Popular Galega), á cal donou a propiedade de **Edicións Xistral** (primeiro colección de poesía e logo editorial, xunto cunha librería do mesmo nome en Monforte de Lemos). Apoiou a Nova Canción Galega e participou en actos reivindicativos do idioma alí onde o requirían, renunciando en 1975 á súa membresía na Real Academia Galega, por considerala ineficaz na defensa da lingua. Nos seus derradeiros anos continuou a colaborar en asociacións como a **AELG** (Asociación de escritores en lingua galega) ou a **AS-PG** (Asociación Socio-Pedagóxica Galega) e en actos como o **Correlingua**, ademais de recibir múltiples premios e homenaxes.

A documentación sobre Manuel María no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

O **Fondo Luis Soto** contén documentación persoal do mestre republicano e galeguista nun intervalo de tempo entre 1921 e 1978. Foi unha figura clave na política e cultura galega dende o exilio en México, que mantivo contacto coa intelectualidade galeguista de varios eidos. Consérvanse textos orixinais que Manuel María lle enviara para a súa publicación na revista **Vieiros**, que finalmente non tivo lugar. Trátase do **Auto do Taberneiro** (s/d), **Poemas de amor i ausencia** (1958-59) e o intitulado como **Auto do mariñeiro** [1969] con sinatura autógrafa, que en realidade, ante as sospeitas fundadas e tras os pertinentes cotexos de contido, trátase do **Auto da Costureira**. O motivo de levar o título daquela outro non o coñecemos aínda con exactitude. Sabemos que o Auto do Mariñeiro fora publicado en 1961 na revista Vida Gallega, e o Auto da Costureira publicouse logo en 1973 en Buenos Aires, no suplemento do trixésimo cabodano do "Hogar Gallego para Ancianos", aínda que segundo a nosa hipótese levase anos escrito. Tamén se conserva unha obra poética de xuventude de Darío Xohán Cabana, **Home cara ó vento** (1969) prologada por Manuel María. Ía ser publicada na colección Val de Lemos, mais finalmente sufriu a censura do Réxime.

No **Fondo Martínez-Risco** (1848-1963) atópase correspondencia entre Vicente Risco e Manuel María.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Paula Vázquez Ramos, D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491